

RECORDE

Antes de firmar un contrato de aluguer ou compra convén ler con atención todas as condicións. En caso de dúbida, busque asesoramento nas oficinas de vivenda ou asociacións de consumidores. A duración do contrato de aluguer pódese pactar libremente polas partes. Si ese prazo é inferior a cinco anos, a lei vixente obriga ao/a propietario/a a prorrogar ano tras ano o contrato ata completar os cinco anos, a non ser que o/a inquilino/a non esteña interesado/a.



Programa de Atención a Inmigrantes

Rúa Eijo Garay, 20
982-580609
27880 Burela

Axencia de Desenvolvemento Local

Rúa Eijo Garay, 20
982586000
27880 Burela

Oficina municipal de Información ao Consumidor

Rúa Eijo Garay, 20
982580609
27880 Burela



*Porque toda
persoa ten
dereito a
unha vivenda
digna*



A VIVENDA

O problema da vivenda afecta en xeral as capas sociais menos favorecidas, pero para unha persoa inmigrante estranxeira conseguir unha tórnase nunha tarefa especialmente difícil.

O primeiro aloxamento do que dispoñen as persoas recién chegadas soe ser mediante a rede informal, a familia, amigos, compatriotas... Como complemento da rede primaria, algunhas organizacións sociais ofrecen recursos que tratan de paliar, nos primeiros momentos, o desamparo que afecta ás persoas inmigrantes estranxeiras.

Para poder acceder a unha vivenda hai que optar ben polo réxime de compra ou de aluguer.

Para o aluguer é imprescindible ter algún documento de identificación como o pasaporte.



Proceso para alugar vivenda:

-Establécese un contrato entre dúas partes: a persoa que aluga a vivenda (arrendataria) e a persoa propietaria desta (arrendadora). Antes de firmar o contrato é moi importante ler atentamente todas as condicións que figuran nel.

-Hai que presentar certa documentación de identificación (pasaporte, tarxeta de identidade), permiso de residencia e traballo, copia de contrato de traballo, aval...

-O pago do aluguer realizarase unha vez ao mes directamente a persoa propietaria ou a administradora. Débese conservar tanto o contrato como os recibos mensuais, xa que poden servir como xustificantes para determinados trámites administrativos. (luz, teléfono).

-É práctica habitual que antes de entrar a vivir na nova vivenda, a persoa propietaria solicite un depósito que normalmente equivale a unha ou dúas mensualidades de aluguer. Este importe devolverase á persoa arrendataria cando cambie a residencia, sempre que deixe a vivenda en boas condicións.

-Para máis información sobre os costes e obrigacións derivados do aluguer pode dirixirse aos/as axentes da propiedade inmobiliaria, ou aos/as administradores/as de vivendas. Non soen cobrar por informar, pero se no caso de que vostede alugue mediante a súa intervención, a comisión pode ser equivalente a un mes de aluguer.

**Concellería de Servizos Sociais,
Muller, Igualdade
e Sanidade**